

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2022/11	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	6 de outubro de 2022
Duración	Desde as 20:38 ata as 22:39 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	NON
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ



	MARCOS ANDUJAR MATO (Informático)	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	SÍ
	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA (abandona a sesión ás 21:01 h)	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión dando a benvinda á nova Interventora municipal, Dna. María Carmen Morillo Rodríguez, á vez que fai a súa presentación ao resto dos membros da corporación.

A continuación, procédese á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 1 DE SETEMBRO DE 2022

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 1 de setembro de 2022, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 5748/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE CAMBIO DE FINALIDADE DO PRÉSTAMO CONCERTADO COA ENTIDADE ABANCA PARA O FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS PREVISTOS NO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2022.

Favorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 11, En contra: 1, Abstencións: 8, Ausentes: 0

O Sr. **Alcalde** explica que, debido a que o asunto incluído neste punto da orde do día vai vinculado ao seguinte, pódese tratalos e debatelos conxuntamente, sen embargo as súas respectivas votacións se farán por separado. Estando conformes todos os concelleiros e concelleiras presentes nesta sesión, concede a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda para





proceder a dar conta dos asuntos a tratar.

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen explica que estamos ante un cambio de financiamento da obra a executar no Campo de Fútbol da Nogueira de Veá, a cal estaba, nun principio, previsto financeiro con fondos da Deputación, pero por non cumprir con todos os requisitos necesarios faise un cambio de dito financiamento para unha partida destinada a arranxo de camiños no rural, é dicir, intercámbianse, e así se consegue resolver o atranco inicial e, tal como establece a normativa, procédese a facer unha modificación orzamentaria que se recolle no seguinte punto desta convocatoria, de xeito que se poderá acometer a dúas actuacións nomeadas sen atraso nas súas execucións.

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para, en primeiro lugar, dar a benvida e desexar sorte á nova Interventora. Centrándose no punto a tratar, di que estamos diante da segunda parte da nefasta xestión do Plan Concellos 2022-2023 por parte do grupo de goberno, porque non foron capaces de ler e comprender a convocatoria deste Plan, presentando un proxecto e facendo un ridículo histórico diante da Deputación por non ter a titularidade do ben inmueble que se pretendía financiar, así como tamén incumprindo o requisito de contar cunha cesión sen prazo. Todo elo non só atrasou os prazos para a execución desa obra, senón que tamén cargan máis traballos sobre os departamentos económicos deste Concello.

Continúa dicindo que a veciñanza de Veá ten todo o dereito de pedir unhas instalacións iguais ás que gozan as demais asociacións deportivas da nosa vila, ao igual que o resto de veciños e veciñas para contar cunha rede viaria óptima, pero nota a falta nesta actuación do campo de fútbol da Nogueira a participación da Federación Galega de Fútbol, en concreto ese compromiso de investimento neste proxecto que en abril do 2019 o Sr. Louzán anunciara, sen embargo, non se ve a súa materialización; ademais, lembra que no seu día o Sr. Alcalde asinou diversos Convenios con outras federacións deportivas para a cesión das nosas diversas instalacións para o seu uso e celebración de actividades deportivas nacionais, pero non observa que iso beneficie dalgunha maneira aos nosos deportistas, salvo a limitación para usar as instalacións. Polo dito quere lanzar unha proposta para que as promesas lanzadas polo Sr. Louzán e a Federación Galega de Fútbol se traduzan en compromisos económicos mediante a revisión dos previos Convenios asinados e que a Federación sexa a que se responsabilice do pagamento dun canon en función dos anos útiles da instalación dos campos de fútbol da Nogueira, a financiar con recursos propios desta Concello, e así se poida recuperar parte da inversión.

A pesares do manifestado e porque os veciños e veciñas non teñen que pagar os erros deste goberno, traslada que o seu grupo se absterá na votación destas propostas, pedindo que os membros do equipo de goberno se poñan a traballar de xeito responsable e profesional.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, dando a benvida á nova Interventora. Centrándose no asunto que se está a debater, informa que o seu grupo vaise a abster na votación, porque, aínda que está de acordo coa execución dos proxectos ou actuacións nomeadas en beneficio da nosa veciñanza, considera que o atranco inicial derivou da torpeza do grupo de goberno á hora de xestionar a solicitude diante da Deputación derivando nunha tardanza nas súas respectivas execucións; ademais de que a obra do campo de fútbol de A Nogueira (cunha valoración inicial de 400.000,00 €) vaise a facer sen contar coa axuda económica doutras administracións, non atopando xustificación algunha para que se faga integramente con fondos municipais.



Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para sumarse á benvinda á nova Interventora e, en relación ao asunto que se está a tratar, di que o seu grupo votará en contra porque, aínda que a obra do campo de fútbol de A Nogueira é unha débeda do Club de Fútbol de Veá, existen outras actuacións máis necesarias e urxentes, tales como saneamento no rural, entre outras, sobre todo cando estamos a falar dunha inversión con fondos propios, outra cousa sería de que existira un financiamento externo exclusivo para esa actuación en concreto.

Intervén o **Sr. Blanco Carracedo** para dicir, dirixíndose á voceira do grupo de MOVETE, que sabe moi ben porque este proxecto do campo de fútbol da Nogueira importa dita cantidade; así mesmo, aclara que nunca dixo que houbera un atraso na execución, senón que está pensado que a obra estea feita antes do comezo da vindeira tempada de fútbol.

Agradece que os grupos socialista e MOVETE non poñan atranco a estas propostas, sorprendéndolle que estean a favor das obras e, sen embargo, en contra dos seus financiamentos, lembrando que isto ven dun préstamo ao que votaron en contra os tres grupos da oposición, cando é entendible que cando se está de acordo cunhas obras hai que buscar o diñeiro para facelas.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación desta proposta de cambio de finalidade do préstamo concertado coa entidade ABANCA, sendo adoptado, polos votos a favor do grupo do Partido Popular, as abstencións dos grupos do Partido Socialista e MOVETE, e en contra do grupo Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 19/09/2022, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto que por Providencia da Alcaldía de 19/09/2022 ordénase a incoación de expediente de modificación da finalidade do préstamo por importe de 435.328,39 €, concertado coa entidade ABANCA Corporación Bancaria S.A., segundo contrato asinado o 12/05/2022, nº 500-5031-004576/1, para o financiamento dos investimentos previstos no orzamento municipal 2022, por importe total de 4.500.000,00 €

Visto que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse ata o exercicio seguinte.

Visto o informe emitido con data 19/09/2022 pola Intervención municipal.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 28/09/2022

Visto o debatido nesta sesión.

Se adopta, por maioría, o seguinte **ACORDO**:

Aprobar a seguinte modificación de finalidade do préstamo nº 500-5031-004576/1, concertado con ABANCA Corporación Bancaria S.A. segundo contrato asinado o 12/05/2022, para o financiamento dos investimentos previstos no orzamento municipal 2022, co seguinte detalle:

Novo investimento a dotar:

- 340.632.02.
- Descrición: "Inv. Reposición. Mellora Campo de Fútbol de A



Nogueira" Proxecto: 2022-2-CFNOG-42-1.

- Importe: 435.328,39 €

Investimento substituído polo anterior:

- 450.0.610.01.
- Descrición: "Inv. Reposición. Pavimentación e Reposición Vías Rurais" Proxecto: 2022-2-VR22-4-1
- Importe desentendemento: 435.328,39 €

Expediente 5734/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 42/2022 (EXPEDEIENTE 2/A/2022) DE CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIO.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 1, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Habéndose debatido este asunto no punto anterior, procédese á súa votación, sendo adoptado, polos votos a favor do grupo do Partido Popular, as abstencións dos grupos do Partido Socialista e MOVETE, e en contra do grupo Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 19/09/2022, en relación co asunto que se trata de seguido.

Vista a Memoria asinada polo Concelleiro delegado de Facenda con data 19/09/2022, xustificativa da modificación orzamentaria nº 42/2022, expediente 2/A/2022 de concesión de crédito extraordinario, financiado mediante baixa de crédito, para a execución do Proxecto "Mellora do Campo de Fútbol de A Nogueira"

Visto que, por Providencia da Alcaldía de data 19/09/2022, incoouse o expediente de crédito extraordinario número 2/A/2022, financiado mediante baixa de crédito, ante a urxente e inaprazable necesidade de acometer as obras de "Mellora no campo de fútbol de A Nogueira" para que poida utilizarse co comezo da tempada 2023/2024.

Visto que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse ata o exercicio seguinte.

Visto o informe emitido con data 19/09/2022 pola Intervención municipal.

Visto o certificado emitido pola Intervención municipal con data 19/09/2022 sobre inexistencia de dotación orzamentaria para acometer a obra mencionada.

Visto o disposto no artigo 177 do TRLRFL, aprobado polo R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo; e no artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 28/09/2022

Visto o debatido nesta sesión.

Se adopta, por maioría, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 2/A/2022, modificación orzamentaria número 42/2022, financiado mediante baixa de crédito, por importe de 435.328,39 €, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicación do orzamento de gastos do que se dota de crédito extraordinario:



- 340.632.02.
- Descrición: “Inversión de Reposición. Mellora Campo de Fútbol de A Nogueira”. Proxecto: 2022-2-CFNOG-42-1.
- Importe: 435.328,39 €

2.- Financiación: baixa de crédito na seguinte aplicación:

- 450.0.610.01
- Descrición: “Inversión de Reposición. Pavimentación e Reposición Vías Rurais”. Proxecto: 2022-2-VR22-4-1
- Importe: 435.328,39 €

Segundo.- Que o expediente de modificación de crédito 2/A/2022, que se aproba inicialmente, sexa exposto ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención deste Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, prazo no que as persoas interesadas poderá examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

Expediente 5844/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN ÁS SOLICITUDES DE BONIFICACIÓN SOBRE O IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES POR USOS AGRARIOS, GANDEIROS E FORESTAIS.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen traslada que, en aplicación do disposto na Ordenanza fiscal sobre o Imposto sobre Bens Inmobles, concretamente o beneficio que se contempla para favorecer as actividades agrícolas, forestais ou gandeiras no rural estradense, recibíronse solicitudes de dita bonificación por parte de propietarios de instalacións agro-gandeiras, polo que se propón a declaración de especial interese e utilidade municipal destas solicitudes como paso previo a obter dita bonificación.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para anunciar que o seu grupo votará a favor desta proposta.

A voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, tamén traslada o seu voto a favor por considerar que é necesario este apoio ás actividades agrarias e gandeiras do noso municipio, pedindo que se faga unha campaña de información para que outras actividades do sector primario poidan optar a este tipo de bonificación, pasándolle a palabra ao seu compañeiro do grupo o Sr. Sanmartín Eirín.

Toma a palabra o concelleiro do grupo municipal de MOVETE, **D. Iván Sanmartín Eirín**, para



informar que unha veciña (Dna. Celia Couceiro Piñeiro) di que solicitou esta bonificación xa fai moito tempo e, sen embargo, non aparece na relación que se trata nesta proposta, preguntando se se sabe a causa.

Contesta o **Sr. Blanco Carracedo** que esa solicitude, en concreto, non está desestimada, porque nese caso se sometería dita desestimación a esta sesión, senón que existe unha modificación das referencias catastrais das parcelas afectadas e, polo tanto, os técnicos municipais están tratando de solucionalo de cara a resolver se procede ou non a bonificación solicitada.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para dicir que votará a favor desta proposta.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación deste asunto, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 19/09/2022, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto que por acordo plenario de 18/10/2018, coa finalidade de favorecer as actividades agrícolas, forestais ou gandeiras no rural estradense reducindo ata o máximo legal posible a tributación das construcións anexas a este tipo de explotacións, modificouse a Ordenanza fiscal do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) para regular a bonificación potestativa do artigo 74.2 quáter do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vistas as solicitudes dos contribuíntes que se relacionan máis adiante, dirixidas á bonificación por usos agrarios, gandeiros ou forestais regulada no apartado 4 bis do artigo 9 da Ordenanza de mención.

Tendo en conta que este beneficio fiscal está sometido á condición de que o Pleno declare de especial interese ou utilidade municipal as actividades económicas realizadas nos inmóveis por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego.

Vista a documentación achegada polas persoas interesadas e que consta no expediente,

Vistos os informes emitidos con data 22/09/2022 pola Intervención municipal.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 28/09/2022.

Visto o debatido nesta sesión.

E, de acordo coa normativa aplicable e sen prexuízo o exercicio pola Deputación Provincial de Pontevedra das facultades delegadas para a xestión do IBI,

Se adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Declarar de especial interese ou utilidade municipal as actividades económicas desenvolvidas nos inmóveis relacionados a continuación, a fin de aprobar, se procede, as bonificacións por usos agrarios, gandeiros ou forestais do apartado 4 bis do artigo 9 da Ordenanza do Imposto sobre Bens Inmóveis solicitadas polos titulares catastrais respectivos, nas porcentaxes e cos efectos en cada caso indicados.

Con efectos de 1 de xaneiro de 2020:





- N.º expediente: 5260/2022
- Solicitante: José Manuel Gestoso Maceiras (DNI [REDACTED])
- Referencia Catastral: 36017A027060010000KO
- Lugar/Parroquia: Sar de Arriba - Santeles.
- % Bonificación: 95%

Con efectos de 1 de xaneiro de 2021:

- N.º expediente: 2242/2022
 - Solicitante: María Milagros Rodeiro Rodríguez (DNI [REDACTED])
 - Referencia Catastral: 36017E527008550000HJ
 - Lugar/Parroquia: Loureiro de Abaixo - San Xurxo de Veá.
 - % Bonificación: 95%
-
- N.º expediente: 305/2021
 - Solicitante: María José Vidal Paz (DNI [REDACTED])
 - Referencia Catastral: 36017A139000860000RL
 - Lugar/Parroquia: Somoza - Olives.
 - % Bonificación: 95%

(NESTE MOMENTO, SENDO AS 21:01 HORAS, ABANDONA A SESIÓN A CONCELLEIRA DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR, DÑA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA.)

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar á parte de Xestión de Control, o **Sr. Alcalde** informa que o o grupo municipal de MOVETE presentou o 04/10/2022, por rexistro de entrada deste Pleno, unha moción para ser incluída por urxencia fóra da orde do día.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, para cederlle a palabra ao seu compañeiro de grupo co fin de presentar a moción.

Se lle concede a palabra ao Concelleiro do grupo de MOVETE, **D. Iván M. Sanmartín Eirín**, quen explica que se presenta unha moción para a toma de medidas en defensa da saúde ante os proxectos de parques eólicos que afectan ao noso municipio, para elo se propón instar ao goberno da Xunta de Galicia para que modifique a Disposición Adicional Quinta da a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia, de xeito que na mesma se estableza que será esixible a todos os proxectos que a día de hoxe se atopen en tramitación así como aos que se inicien no futuro, unha distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado que será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxe máis pa); instar ao Goberno do Estado para que aprobe con carácter inmediato unha normativa que estableza que nos proxectos de parques eólicos de tramitación estatal se esixa unha distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado que será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxe máis pa), e que a dita esixencia sexa aplicable, con carácter inmediato dende a entrada en vigor da dita





normativa, a todos os parques eólicos de ámbito estatal en fase tramitación así como aos que se insten no futuro; e, por último, que o Concello realice e presente informe técnico cuxa conclusión recolla expresamente a conformidade ou oposición do Concello de A Estrada á autorización solicitada sobre o Parque Eólico Cabanelas

Xustifica a urxencia desta moción para ser incluída dentro dentro da orde do día desta sesión, en dos motivos fundamentais, o primeiro é a protección da saúde dos cidadáns é motivo de suficiente urxencia para tramitar a presente moción de xeito urxente. Afecta en particular esta cuestión ao Concello de A Estrada, xa que na actualidade existen 14 novos parques eólicos en tramitación dentro das noso territorio. Do mesmo xeito canto mais se tarde en instar á Xunta e ao Estado para que modifiquen ou establezan unha normativa relativa á aplicación inmediata das distancias ás que nos referimos mais arriba, mais avanzarán na tramitación os proxectos de parques eólicos; e o segundo basease no prazo de 30 días hábiles dende o 31 de agosto de 2022 existente no expediente relativo ao Parque Eólico Cabanelas.

Intervén o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, manifestando a súa conformidade co alegado en relación coa xustificación da urxencia da moción presentada.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para trasladar o seu voto a favor da urxencia desta moción.

O **Sr. Alcalde** manifesta que o grupo do Partido Popular se mostra conforme coa xustificación da urxencia da moción presentada polo grupo de MOVETE.

Finalmente, sométese a urxencia a votación, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión, polo que se procede á inclusión do expediente da moción na orde do día

Expediente 6282/2022. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MÓVETE POLA QUE PROPÓN A TOMA DE MEDIDAS EN DEFENSA DA SAÚDE ANTE OS PROXECTOS DE PARQUES ÉOLICOS

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 10, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Toma a palabra o concelleiro do grupo municipal de MOVETE, D. Iván M. Sanmartín Eirín, para explicar a moción presentada polo seu grupo o día 04/10/2022 (rexistro de entrada 2022-E-RPLN-1) que se transcribe a continuación:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.- E notoria e pública a existencia dun gran número de proxectos de Parques eólicos en tramitación, feito que en caso de construírse os mesmos, suporía un impacto negativo en diversas áreas, entre outras, na saúde das persoas. A experiencia adquirida ao longo dos moitos anos de funcionamento dos parques eólicos e da súa ampla e progresiva implantación, sacou á luz a aparición de patoloxías específicas nas persoas que viven na súa contorna. Estas patoloxías son producidas prioritariamente polo ruído, a contaminación lumínica, as ondas sónicas de baixa frecuencia, as ondas electromagnéticas e outros, que actúan de maneira individual e sinérxica, con efectos que se potencian en función da



proximidade dos individuos ás instalacións, así como o tempo de exposición. Altos niveis de ruído ao aire libre xerado por turbinas eólicas (aeroxeradores) asócianse coa prescrición de medicamentos para durmir e antidepressivos entre os anciáns, o que suxire que ruído ao aire libre xerado por turbinas eólicas pode estar potencialmente asociado co sono e a saúde mental. Achegamos informe realizado pola entidade Aliente que estuda cientificamente todos estes efectos negativos.

Non só dende o ámbito científico e académico se está a alertar sobre estes riscos, xa que esta preocupación xa pasou fai tempo ao ámbito político, de xeito que existe unha medida tomada no Estado Federal de Babaría (Alemaña) desde 2014, onde por Lei (Art. 82 do código de edificación), os aeroxeradores deben manter unha distancia ás vivendas superior a 10 veces a altura do mesmo. Esta norma é coñecida como a Norma 10H e por ela, por exemplo, a maioría de aeroxeradores modernos, que superan os 200m de altura, están obrigados a manter unha distancia ás vivendas de 2000 m. Pola súa banda, o resto de estados alemáns fixaron a distancia mínima de instalación de aeroxeradores as vivendas, de 1000m.

II.- Tivo recentemente repercusión social a noticia que un tribunal francés recoñeceu os danos á saúde duns cidadáns que vivían a uns 700 metros dun aeroxerador. Presentamos enlace da fonte da noticia:

[https://www.lavanguardia.com/natural/20211111/7850064/pareja-belga-aseguraba-parque-eolico-les-danaba-salud-gana-batalla-sindrome-turbina-legal-pmv.amp.html?](https://www.lavanguardia.com/natural/20211111/7850064/pareja-belga-aseguraba-parque-eolico-les-danaba-salud-gana-batalla-sindrome-turbina-legal-pmv.amp.html?fbclid=IwAR0fjqkfeZztSlKYBmAgkDdUT4NSDUc2XR2vFSSHx8ElyBwI_gQLJccpQyl4)

[fbclid=IwAR0fjqkfeZztSlKYBmAgkDdUT4NSDUc2XR2vFSSHx8ElyBwI_gQLJccpQyl4](https://www.lavanguardia.com/natural/20211111/7850064/pareja-belga-aseguraba-parque-eolico-les-danaba-salud-gana-batalla-sindrome-turbina-legal-pmv.amp.html?fbclid=IwAR0fjqkfeZztSlKYBmAgkDdUT4NSDUc2XR2vFSSHx8ElyBwI_gQLJccpQyl4)
En concreto, esta sentenza de xullo de 2021 do tribunal de apelación de Toulouse, condenou ás dúas empresas que explotan un parque eólico no municipio de Margnes (Fontrieu), a abonar máis de 115.000 € polos danos e perdas ocasionados a un matrimonio afectado por turbinas eólicas ou aeroxeradores duns 80 m de altura total, situados entre 700 e 1300 metros da casa dos cónxuxes Fockaert e con 6 aeroturbinas visibles no inverno e 3 no verán. En concreto na relátanse problemas de saúde como dores de cabeza, insomnio, irregularidades cardíacas, depresión, mareos ou náuseas durante máis de dos anos.

III.- Mediante a Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, publicada no DOG o 31 de decembro de 2021, estableceuse que a distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxe máis pa), modificando deste xeito a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia, na que ate aquela data só contemplaba unha distancia mínima de 500 metros.

A dita normativa establece que estes requisitos de distancias serán aplicables ás solicitudes de autorización administrativa previa e de construción de parques eólicos cuxa implantación se proxecta no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non serán aplicables estes requisitos de distancia aos proxectos de modificacións substanciais (repotenciacións) de parques que estean en funcionamento antes da entrada en vigor da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, nas que, para manter a súa potencia total en funcionamento, exista imposibilidade técnica xustificada da súa implantación. En todo caso, os aeroxeradores deberán situarse á máxima distancia posible, cun mínimo de 500 metros, ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado».

Deste xeito a norma só sería de aplicación aos proxectos que comecen a súa tramitación con posterioridade ao 31 de decembro de 2021, e non aos que se atopen na actualidade en fase de tramitación, cando na maioría dos casos estes proxectos en tramitación son xa proxectos antigos pensados para a tecnoloxía existente na época na que se publicou a normativa (anos 2009 e anteriores) cando a altura dos aeroxeradores non superaban unha altura de 100, sendo os citados proxectos modificados na actualidade para instalar aeroxeradores de mais altura, nalgúns casos de máis de 200 metros.

Entendemos así, que para a protección da saúde da cidadanía, cuestión que en especial no



caso estradense ten unha especial relevancia xa que estamos afectados por 14 novos parques eólicos, deberíase, pola Corporación Municipal instar ao goberno da Xunta de Galicia para que modifique a Disposición Adicional Quinta da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia, de xeito que na mesma se estableza que a distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxe máis pa), e que será aplicable a todos os proxectos que a día de hoxe se atopan en fase de tramitación.

Ademais dos motivos de saúde que serían mais que suficientes para realizar a anterior instancia, o certo é que de non levarse a cabo existiría unha discriminación entre a cidadanía afectada polos parques eólicos que se están a tramitar a día de hoxe, e os que se tramiten no futuro, xa que a saúde destes últimos estaría mais protexida que a dos primeiros.

A parte do anterior hai que sinalar que non existiría un prexuízo específico para as empresas, xa que a día de hoxe cando un proxecto eólico se atopa en fase de tramitación, e incluso de construción, e se descubre que un aeroxerador afecta a un ben patrimonial como pode ser un petróglifo ou unha mámoa, existe a obriga de variar o proxecto e desprazar o citado aeroxerador. Deste xeito con mais motivo os proxectos en tramitación deberían de verse obrigados a desprazar os aeroxeradores que se atopan a menos da 5 veces a altura total do mesmo cando o motivo é a saúde das persoas, a parte que neste caso nin tan sequera terían que desprazalos obrigatoriamente, xa que con instalar un aeroxerador cunha altura inferior aos 100 metros no mesmo punto, xa poderían manter a distancia de 500 metros.

IV.- Do mesmo xeito, e aproveitando as negociacións que o Estado e a Xunta de Galicia están a realizar por mor da comisión bilateral, onde se está a tratar a suposta invasión de competencias estatais con motivo da chamada moratoria eólica, sería beneficioso para a cidadanía instar ao Goberno do Estado para que aprobe con carácter inmediato unha normativa que estableza que nos proxectos de parques eólicos de tramitación estatal se esixa que a distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxe máis pa), e que a dita esixencia sexa aplicable con carácter inmediato dende a entrada en vigor da dita normativa a todos os parques eólicos de ámbito estatal en fase tramitación no territorio galego.

V.- O 20 de novembro de 2001 publícase no DOG anuncio da Consellería de Industria sobre resolución do 7 de novembro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se abre información pública para a petición de autorización administrativa da instalación eléctrico-eólica que se cita para efectos de presentación de solicitudes en competencia. (Expediente IN661A 01/4-4), na que se dispón que para os efectos previstos no Decreto 205/1995, do 6 de xullo, da Xunta de Galicia, polo que se regula o aproveitamento de enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, sométese a información pública a seguinte solicitude: mSolicitante: Gamesa Energía, S.A. Domicilio social: avda. do Cruceiro da Coruña, 201-A, Santiago de Compostela, provincia da Coruña. Título: parque eólico de Cabanela. Concellos afectados: Forcarei, A Estrada e Cerdedo. O 21 de novembro de 2013, publícase no DOG Resolución do 2 de setembro de 2013, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública para autorización administrativa, declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que implica, aprobación do proxecto de execución, proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da instalación eléctrica e estudo ambiental das instalacións referidas ao parque eólico Cabanelas, concellos da Estrada e Forcarei (expediente IN661A 2010/2-4).

O 31 de agosto de 2022 publicouse no DOG Resolución do 4 de agosto de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental, as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, a



aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e a declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Cabanelas, situado nos concellos da Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2010/2-4), establecendo un prazo de 30 días para presentar alegacións sobre o mesmo, prazo que remataría o vindeiro 13 de outubro de 2022.

VI.- O artigo 127 Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, establece:

1. Pola Administración competente para a tramitación, darase traslado ás distintas Administracións, organismos ou, no seu caso, empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral na parte que a instalación poida afectar, a bens e dereitos ao seu cargo.

2. Aos anteriores efectos, será remitida, pola Administración competente para a tramitación do expediente, unha separata do anteproxecto, contendo as características xerais da instalación e a documentación cartográfica correspondente e, no seu caso, un documento de síntese do estudo de impacto ambiental, en orde a que nun prazo de trinta días presten a súa conformidade ou oposición á autorización solicitada. Transcorrido este prazo sen que as distintas Administracións, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral afectadas nos seus bens e dereitos contestasen, entenderase a conformidade da devandita Administración coa autorización da instalación.

Deste xeito entendemos que o feito ate agora polo Concello, é dicir presentar escritos en forma de alegacións e non de informe, aínda que tamén pode ter efectos positivos para a veciñanza afectada, NON É SUFICIENTE, xa que o que é imprescindible é que se presenten, en casos como o do Parque Eólico de Cabanelas, INFORMES TÉCNICOS cuxa conclusión recolla expresamente a conformidade ou oposición do Concello de A Estrada á autorización solicitada, asinados por un técnico, xa que noutras ocasións, como aconteceu no caso do Parque Eólico Campo das Rosas, onde se presentou unha alegación, o expediente administrativo a día de hoxe consta como NON INFORMADO polo Concello de A Estrada, polo que podería interpretarse, en base á anterior normativa, que o Concello da Estrada presta a súa conformidade ao proxecto de parque eólico.

O dito informe técnico, que tamén debería emitirse tamén nos demais proxectos que se tramiten no futuro e afecten a territorio estradense, ten especial sentido no presente asunto posto que dada a diferenza de tempo en mais de 21 anos dende o inicio do proxecto de Parque Eólico de Cabanelas o 20 de novembro de 2021 ate o sometemento a información pública do mesmo o día 31 de agosto de 2021, é motivo suficiente para que, aínda que non se tivese informado naquel primeiro momento, informar agora, xa que dende entón houbo evidentes cambios normativos e técnicos que xustifican a presentación dun informe técnico no que se poida establecer expresamente a conformidade ou oposición do Concello de A Estrada á autorización solicitada, o mesmo sucedería aínda que tomáramos como data inicial a de 21 de novembro de 2013 xa que terían transcorridos 9 anos dende a dita data, o que tamén xustifica a presentación a día de hoxe de informe técnico, onde se recollan todas as circunstancias que afecten ao Parque Eólico de Cabanelas.

VI.- En relación á URXENCIA DA PRESENTE MOCIÓN os motivos da mesma son básicamente dous:

a) A protección da saúde dos cidadáns é motivo de suficiente urxencia para tramitar a presente moción de xeito urxente. Afecta en particular esta cuestión ao Concello de A Estrada, xa que na actualidade existen 14 novos parques eólicos en tramitación dentro das noso territorio. Do mesmo xeito canto mais se tarde en instar á Xunta e ao Estado para que modifiquen ou establezan unha normativa relativa á aplicación inmediata das distancias ás que nos referimos mais arriba, mais avanzarán na tramitación os proxectos de parques eólicos.

b) O prazo de 30 días hábiles dende o 31 de agosto de 2022 existente no expediente relativo ao Parque Eólico Cabanelas, IN661A 2010/2-4, e que finaliza o vindeiro 13 de outubro de 2022.



Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Móvete (MOVEMENTO VECIÑAL ESTRADENSE) do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

1.- Instar ao goberno da Xunta de Galicia para que modifique a Disposición Adicional Quinta da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia, de xeito que na mesma se estableza que será esixible a todos os proxectos que a día de hoxe se atopen en tramitación así como aos que se inicien no futuro, unha distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado que será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxe máis pa).

2.- Instar ao Goberno do Estado para que aprrobe con carácter inmediato unha normativa que estableza que nos proxectos de parques eólicos de tramitación estatal se esixa unha distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado que será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxe máis pa), e que a dita esixencia sexa aplicable, con carácter inmediato dende a entrada en vigor da dita normativa, a todos os parques eólicos de ámbito estatal en fase tramitación así como aos que se insten no futuro.

3.- Realizar e presentar polo Concello INFORME TÉCNICO cuxa conclusión recolla expresamente a conformidade ou oposición do Concello de A Estrada á autorización solicitada sobre o Parque Eólico Cabanelas no prazo concedido na Resolución do 4 de agosto de 2022, (publicada no DOG o día 31 de agosto de 2022) da Xefatura Territorial de Pontevedra, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental, as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, a aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e a declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Cabanelas, situado nos concellos da Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2010/2-4), e que se emitan polo Concello informes similares nos demais proxectos que se tramiten no futuro e afecten a territorio estradense.”

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para, en primeiro lugar, dicir que lle parece lamentable traer unha moción a este Pleno para pedirlle ao Concello da Estrada que faga o seu traballo, xa que este debería de defender os intereses da nosa veciñanza, cumprindo así as obrigas establecidas no artigo 127 citado na moción; lembra que, aos efectos de presentación de alegacións polos afectos, este Concello contratou a unha empresa para que asesorase aos nosos veciños e veciñas na redacción de ditas alegacións, pero iso é unha cousa e outra é a redacción do informe preceptivo do Concello, e que debería dirixirse á administración que tramita ese proxecto eólico no prazo establecido, pero se no dito prazo ese informe non se remite a administración envía outro requirimento para facer dito informe ou non. Lembra que na reunión mantida en Cabanalas con motivo do proxecto Campo das Rosas, comentouse que outros Concellos afectados emitiran o devandito informe e, sen embargo, o da Estrada non.

Ante o dito anteriormente, lle parece terrible que se teña que presentar unha moción para ter que votar que o Concello faga o seu traballo, emitindo dito informe técnico; non sabendo se esta obviade é causada por descoñecemento na materia ou é produto da mala fe, o que considera que está claro que neste momento e con respecto a este tema este concello está totalmente desprotexido, polo que, no momento de que veñan a pedir as licenzas, haberá que dalas, porque este Concello non mostrou ningún tipo de desconformidade co proxecto eólico correspondente ao faltar o devandito informe técnico, porque de pouco serve as alegacións que se haxan presentado, por carecer de respaldo técnico.

Ante o dito, considera que non se poder dubidar da mala fe do grupo de goberno, desprotexendo aos veciños e veciñas afectados polos nomeados parques eólicos.

En canto ao fondo da moción, en concreto ao contido da exposición de motivos, nela faise



referencia a unha sentenza dun tribunal francés que entende que estes proxectos danan a saúde dos habitantes en torno aos 700 metros dun parque eólico, mentres que no corpo da moción solicitase 500 metros, algo ao que non lle ve moito sentido, xa que deberíase pedir 700 metros en base a esas afeccións demostradas e que serviron de base á dita sentenza.

Finalmente, espera que o equipo de goberno explique cales foron as causas que motivaron o non envío dese informe técnico ao proxecto eólico exposto ao público, considerando que aínda estamos en prazo para envialo á administración correspondente, e así defender os intereses dos veciños afectados, considerando que é unha obriga do Concello; ao mesmo, tempo traslada o voto a favor do seu grupo para a aprobación da proposta da moción.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, a cal di que está a favor da moción presentada por considerar que está moi ben argumentada e por ser evidente o problema que estamos a ter coa instalación dos parques eólicos, considerando que é necesario que o Concello emita ese informe técnico e que sexan solicitadas esas distancias entre os parques eólicos e os núcleos de poboación; de feito, en relación co proxecto de Cabanelas, informa que os veciños din que un dos muíños dista a tan só 200 metros dunha vivenda, o que considera unha auténtica barbaridade, ademais dos problemas de saúde que pode causar.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para informar que el é o que leva persoalmente a tramitación de todos os proxectos eólicos que afectan ao noso municipio, xunto co concelleiro D. Juan M. Constenla Carbón. En canto á moción, o seu grupo non vai a votar a favor dela por non estar de acordo con partes ma mesma, aconsellando debater este tema nunha Comisión Informativa; o que non quere dicir que non se comparta a preocupación da nosa veciñanza ante estes proxectos, de feito hai a día de hoxe catorce proxectos en trámite de aprobación e, seguramente, moitos deses non chegarán a saír adiante por non chegar a esa data establecida para a súa implantación debido á complexidade do procedemento administrativo.

Informa que, en relación a este tema, este equipo de goberno está sendo moi activo, así lévase máis dun ano e medio traballando, mantendo reunións periódicas na Dirección Xeral de Industria, a través dun equipo formado con distintos Alcaldes de municipios afectados, co fin de estudar in situ os problemas de ditos proxecto; tamén se manteñen reunións co equipo técnico municipal, un equipo de traballo creado a fin de estudar detalladamente os proxecto eólicos; ademais, participa persoalmente en todas as reunións veciñais que se manteñen, por exemplo a mantida o outro día en relación ao proxecto de Cabanelas, na cal se lles explicou aos veciños e veciñas cal era o punto de vista municipal. Polo tanto, o seu grupo de goberno non traballa no ámbito da demagogia, porque, se queremos ser sensatos e dar unha imaxe coherente á sociedade, entón temos que ter unha posición coherente tamén.

Di que neste momento hai un goberno de esquerdas que quere facer unha transición ecolóxica enerxética de cara a unha economía verde, de feito se están a pechar centrais térmicas e nucleares, estase a ter problemas co abastecemento de petróleo e do gas, buscando unha autonomía enerxética se ten un proxecto moi ambicioso de enerxía verde, pero tamén son os primeiros en poñerse detrás da pancarta cando se pretende crear un parque eólico, cando é imposible xerar enerxía eólica sen aeroxeradores. Aclara que o seu partido político está de acordo con unha transición enerxética, pero é imposible crear proxectos sen que supoñan un impacto, polo que é necesario abrirse un pouco de mente. Di que, por suposto, este equipo de goberno municipal vai a defender os intereses dos veciños e veciñas sempre e sen adoptar unha postura demagóxica, como ven demostrando cando lles informa da situación existente en relación co tema que se está a tratar, e, por suposto, se vai a facer forza en canto á tramitación administrativa para que eses proxectos cumpran coa lexislación aplicable e, se a cumpre, entón dende o Concello non se lle pode negar licenza para a súa execución, isto é o que se lle está trasladando aos veciños e veciñas, non se lles está enganando en ningún momento. Ademais quere deixar constancia de que o goberno central ten moito interese de que estes proxectos de parques eólicos saian adiante, de feito están



impulsando parques de máis de cincuenta megavatios saltando a normativa autonómica a través de Decretos governamentais.

Polo dito, di que este grupo de goberno vai a seguir traballando na mesma liña, contando cun equipo técnico moi potente e que está a facer un traballo moi importante á hora de asesorar a toda a veciñanza afectada. Ademais quere deixar constancia de que en ningún momento o Concello foi requirido para a emisión dun informe técnico preceptivo en relación con algún dos proxectos en trámite, polo que reta ao voceiro socialista para que demostre que ese requirimento existiu, considerando unha falsidade tal afirmación, crendo que non é máis que unha estratexia de difamación do partido socialista.

Continúa informando que na fase de exposición pública dun destes proxectos e na fase de trámite ambiental, píndense informes sectoriais aos distintos organismos, requiríndose ao Concello para que publique, nun prazo de 30 días, ese proxecto e, dentro desa fase, pódese presentar, en modo alegación, as cuestións técnicas municipais; pero o que non se pode facer é presentar unha alegación política, de feito todas as alegacións presentadas teñen unha base técnica, porque a empresa contratada elabora un informe técnico no que se establecen as cuestións que entenden que non cumpren o obxecto do plan presentado, o cal é remitido á Consellería en formato alegación; ademais o informe que tería que redactar o Concello sería na fase urbanística e non nesta fase previa. Polo dito, trátase dun informe non vinculante e que non é pedido especificamente ao Concello, senón que se tramita como unha alegación, xa que este será solicitado na fase do procedemento urbanístico, é dicir, da tramitación da correspondente licenza. En base ao manifestado, di que este grupo de goberno estivo traballando sempre e de xeito constante nesta fase previa redactando alegacións en formato de informe técnico e non político.

Traslada que neste momento o informe técnico relativo ao proxecto do parque eólico que se trata nesta moción xa está redactado polo equipo técnico co fin de presentalo como alegación.

Ante todo o explicado, di que lle parece unha demagogia barata o dicir que se ten que recorrer a unha moción para que este grupo de goberno faga o seu traballo, cando este goberno municipal xa está a facer o seu traballo de asesoramento aos veciños, de presentar unha alegación mediante un informe, etc, deixando claro que o grupo socialista basea a súa estratexia nunha mentira.

Finalmente reitera que se está a traballar arduamente para atacar estes proxectos de parques eólicos onde se pode, pero hai que lembrar que hai unha problemática en canto á lei dos 500 metros e que non ten carácter retroactivo a aqueles procedementos iniciados antes da dita lei, polo que tan só se pode esixir que se aplique esta lexislación e a que se refire á altura dos aeroxeradores a proxectos futuros, neste último caso non podemos atacar moito porque a maior tamaño destes maior é a súa potencia e, polo tanto, de colocar elementos con menor altura se colocarían máis números deles para obter a potencia desexada.

Segue transmitindo que se trata dun tema que lle preocupa moito e que, de momento, se está a levar cunha solvencia institucional importante e da mellor maneira posible, pero hai que ter claro que algún dos proxectos terá visos de ser executable, vendo que hai persoas que están a favor, sobre todo propietarias dos terreos afectados; así, no caso do proxecto de Cabanelas, un porcentaxe moi importante de veciños xa chegaron voluntariamente a acordos para a venda o alugamento das súas propiedades. Polo tanto debemos de ser coherentes, xa que, aínda que unha parte dos proxectos existentes non serán executables, outros si os serán, non podendo esquecer o compromiso que temos coa Unión Europea de incrementar a potencia de xeración de enerxía verde a través de enerxía renovables, resultando un escenario no que, se pretendemos pechar centrais de enerxía existentes, temos que garantir a produción de enerxía dalgunha maneira, polo tanto as administracións teñen que ser coherentes, o que non significa que non sexan estritas coa tramitación e facendo cumprir escrupulosamente todas as cuestións que poidan ser prexudiciais para o noso territorio e nosa veciñanza.

Ante o dito, o grupo de goberno votará en contra desta moción, a pesares de estar de acordo do fondo da moción que a motivou.



Intervén novamente o **Sr. Sanmartín Eirín**, agradecendo aos grupos socialista e Mixto (BNG) polo apoio á súa moción. Responde ao Sr. López Bueno, en relación á distancia dos aeroxeradores da poboación, que o grupo de MOVETE redactou a moción con consenso e humildade, non véndose capaz de establecer cal é a distancia idónea, dando por boa a estimada pola Xunta de Galicia para os parques eólicos futuros, polo que considera que aqueles proxectos que están en tramitación no incorren en inconstitucionalidade, xa que o Tribunal tería que ponderar a saúde co prexuízo da empresa; outra cousa é que se descubrixe durante o proceso produtivo que hai efectos prexudiciais para a saúde, entón dítanse normas con aplicación inmediata; polo dito, considera que modificar un parque eólico en base á normativa que afecta á súa zona pódese facer perfectamente.

En relación ao manifestado anteriormente sobre que esta moción estaba en contra da enerxía eólica, quere aclarar que non é así, tan só deixa constancia de que o seu grupo está en contra da imposición de maneira descontrolada e da colocación de certos elementos cerca da poboación en prexuízo da saúde. Polo tanto, en relación á afirmación do Sr. Alcalde sobre que a esquerda se pon detrás da pancarta de “Eólicos Non”, aclara que o seu grupo non se manifesta contra a enerxía eólica, senón que intenta conciliar a instalacións dos parques eólicos coa saúde da cidadanía afectada, mediante a garda dos metros de distancia, e que, dende o Concello, se mostre aos gobernos nacional e autonómico a preocupación por este tema, en ningún caso se pretende que aproben unha norma en concreto. Polo dito, non ve moi argumentado o dito polo Sr. Alcalde na súa intervención xustificando o voto en contra desta moción, aclarando que con ela non se pretende prexudicar a ningunha empresa, nin tampouco se está en contra dos parques eólicos.

En relación ao parque eólico de Cabanelas, con respecto ao cal o grupo de goberno está barallando a posibilidade de presentar alegacións, pide que presenten informe técnico para ver se o resultado é diferente ao acadado noutros proxectos anteriores.

Aclara tamén que na súa moción non se pide que se presente un informe desfavorable, xa que comprende que isto deriva do estudo dos técnicos responsables, tan só se solicita que se emita dito documento.

Pide de novo a palabra o voceiro socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que pensa que todo o mundo entendeu perfectamente cal é o sentido da moción a tratar, só que o Sr. Alcalde, mediante a súa habilidade política, intenta perverter o sentido da moción para utilizar demagogia en contra do grupo que a presenta e dos que se pronuncian a favor, e o que pide o seu partido político é unha reforma eólica, porque hai moitas opcións ao respecto, tales como instalar parques eólicos repotenciados. En definitiva, aconsella ao Sr. Alcalde que busque unha argumentación máis sólida que defenda a súa postura, porque hai determinadas cuestións que se poden argumentar doutra maneira, sendo unha das formas a reforma do plan eólico de Galicia favorecendo a repotenciación, non iniciando expedientes que, quizais, non saian adiante.

Tamén puntualiza que en ningún momento se pediu que este Concello non dera permiso a proxectos licenciados, senón que se pide a emisión dun informe técnico e que seguramente, nalgún momento, foi requirido pola Xunta de Galicia, segundo o sinalado na Lei; de feito a Xunta de Galicia di que o Concello da Estrada non informou o proxecto do “Campo das Rosas”, segundo consta no correspondente expediente.

Ante o alegado, considera que o Sr. Alcalde interpreta de forma torticeira a moción e o que din os grupos da oposición, ademais de acusalo de non enterarse o que entra por rexistro de entrada neste Concello e do que poñen os expedientes de parques eólicos que afectan ao noso municipio, aconsellando que mire máis este tema, sobre todo cando se adiviña que van a caer máis proxectos que afectan á Estrada, a parte dos 14 en tramitación.

Finalmente, e ante os antecedentes e información existentes, considera que o Sr. Alcalde debería argumentar doutro xeito a xustificación do voto en contra desta moción.



Pide a palabra a **Sra. Susana Camba Castro** para dicir que leu novamente a moción para comprobar se ía en contra dos parques eólicos, apreciando que ningún dos seus parágrafos o recolle; por outra parte, cando se poñen detrás das pancartas non é para protestar contra a instalación de parques eólicos, senón que o lema é “*Eólicos si pero non así*”, porque en calquera proxecto sempre hai consecuencias que hai que asumir, consecuencias unhas máis graves que outras, polo que hai que buscar formas e maneiras para evitar as máis graves (a continuación fai referencia á variante da autovía á Estrada, como exemplo).

Polo dito, acusa ao Sr. Alcalde de falar moi rápido dos demais, sen embargo non ve as súas propias carencias, utilizando moito demagogia nas súas intervencións.

Volvendo ao tema dos parques eólicos, di que a moción tan só pon enriba da mesa unha serie de cuestións para que nos proxectos, que nos afectan, o impacto ambiental e sanitario non sexa tan grande, aceptando que algúns destes proxectos reciban informes non tan negativos polo que sairán para adiante, e outros si, pero a cuestión é informalos adecuadamente.

Finalmente, pide ao Sr. Alcalde que non poña palabras en boca dos grupos da oposición que non se dixeron, ademais, considera que se debería probar a redactar ese informe técnico e ver que pasa; porque está a observar que o grupo de goberno está a levar a cabo unha campaña moi intelixente cos parques eólicos, xa que, por unha banda, están a facer todo o que os veciños queren que fagan, contratando a unha empresa para axuda á xente e facer uns informes; e, por outra, evitan complicarse coa redacción dun informe técnico negativo dende o Concello que lles comprometa, limitándose á hora de informar a licenza urbanística. Ante o dito adiviña que no hai interese por facer dito informe, nin sequera se argumenta ben a xustificación do voto en contra desta moción, incluso dando a sensación de que o sentido do voto do grupo do PP foi decidido sobre a marcha da intervención do Sr. Alcalde.

Tamén quere facer constar que a enerxía verde non existe nin vai a existir, porque calquera actuación vai a ter unha parte negativa, a cuestión é evitar que os prexuízos que se causen sexan o menos graves posibles para evitar danos nun futuro; polo tanto, reitera que o seu grupo non está en contra dos parques eólicos como tales, senón das consecuencias que poden causar, sendo necesario regularizar o tema para evitar graves prexuízos, tanto ambientais como sanitarios.

Finalmente, lle pide ao Sr. Alcalde que argumente o voto en contra con algo máis de peso e máis convincente.

O **Sr. Alcalde** cre que se explicou moito ou que argumentos demasiados temas á vez, polo resume a súa anterior intervención dicindo que o grupo de goberno está de acordo co fondo da moción e non por outras cuestións, porque o informe técnico que nela se solicita xa está feito, así como a alegación, podendo presentarse ambos os dous, ben como informe ou ben como alegación.

En canto ao dito pola Sra. Camba Castro sobre que non entende o por que o grupo de goberno non pode presentar un informe negativo, di que esta xa se está descubriendo ao pensar que o informe ten que ter ese sentido, cando é un técnico o que ten que dicilo segundo as súas valoracións.

A **Sra. Camba Castro** protesta ante isto, porque ela dixo claramente que podía ser o informe positivo ou negativo.

O **Sr. Alcalde** lle di que o seu grupo si ten unha estratexia ben definida, ao igual que o grupo socialista, porque todos os parques eólicos aprobados polo goberno central están sendo parados, de feito os que afectan á comunidade galega están incumprindo a Lei eólica de Galicia en todos os parques de máis de 50 megavatios así como as addendas, polo que non entende como se está a falar da desfeita eólica do PP, o que deixa constancia da falseade do argumentado polo Sr. López Bueno.

Continúa dicindo que estaba de acordo coa aplicación da actual Lei en canto á distancia a gardar polos parques eólicos cos núcleos de poboación, pero non con que se aplicara con



carácter retroactivo.

Aclara, finalmente, que os motivos polo que non apoia a moción:

1º.- Porque o informe técnico xa está feito, así como a alegación.

2º.- Por non estar de acordo coa aplicación da Lei con efectos retroactivos, por considerar que a corporación quedaría en moi mal lugar se se adica a aprobar mocións que poden caer en ilegalidades.

Así mesmo, traslada que xa están adoptadas as medidas necesarias para facer o posicionamento do Concello, de feito avanza que o o informe técnico elaborado en relación ao proxecto de Cabanelas non é favorable á vista de defectos que ten, pero esta é unha cuestión técnica e non política.

Di que os partidos políticos da oposición teñen moita experiencia en canto á axitación social, porque aínda que non están en contra dos proxectos de parques eólicos, non houbo ningunha manifestación sobre algún destes proxectos sen que estes grupos políticos estiveran detrás, cuxa resposta radica no don da oportunidade e a dualidade que caracteriza a esquerda; sendo casualidade que de os aproximadamente douscentos proxectos existentes en Galicia ningún lle vale aos partidos da esquerda, sen embargo están a favor da enerxía eólica, algo incomprendible, porque pretenden facer unha transición enerxética e que o custo dese proxecto o leve o Partido Popular, estratexia que non fai a funcionar porque el, como Alcalde, nunca utilizou a demagogia política neste tema.

Entra neste momento en descualificacións dirixidas ao voceiro socialista, as cales non se transcriben, quedando constancia das mesmas nos audios das intervencións que constan no expediente.

Interrompe a concelleira do grupo socialista, **Dna. Belén Louzao Vieites**, non apreciándose o dito por non estar activado o micrófono.

O **Sr. Alcalde** lle advirte á Sra. Louzao Vieites que non pode intervir desta maneira por non serlle dada a palabra e non ser a voceira do seu grupo.

Comeza un debate que nada ten que ver co asunto que se está a tratar, polo que non procede a súa transcripción nesta acta.

Continúa o **Sr. Alcalde** reiterando que o seu grupo non votará a favor desta moción polo dito anteriormente, informando que neste tema a tratar se ten o traballo feito e que se presentará a semana que ven en tempo e prazo, ofrecéndose a traballar conxuntamente con todos os grupos políticos municipais en beneficio da nosa veciñanza.

Intervén o **Sr. Sanmartín Eirín** para dicir que hai retroactividade inconstitucional en dous casos, o primeiro cando son normativas sancionadoras ou cando existe restrición de dereitos individuais, polo que non o considera de aplicación no caso a tratar; o segundo é que, dentro da planificación eólica, existen as zonas de afección eólica e que son máis grandes que o propio parque e que están pensadas para unha posible variación dentro da zona ou movemento de elementos, entendendo que esta normativa non o prexudicaría nin sería inconstitucional.

Non habendo máis intervencións, sométese a moción a votación, sendo rexeitada polos votos en contra do grupo municipal do Partido Popular e a favor dos grupos do Partido Socialista, MOVETE e Mixto (BNG).

Non habendo máis mocións de urxencia pásase a tratar os asuntos incluídos na punto de Actividade de Control.



B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 31 DE AGOSTO DE 2022 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 31 de agosto de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2022-1187 ao número 2022-1264, (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 15 DE SETEMBRO DE 2022 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 15 de setembro de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2022-1265 ao número 2022-1363 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Toma a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para trasladar varios rogos:

- Solicita que sexa substituída unha tapa rota da rede de sumidoiros da Avda de Pontevedra, ofrecendo pasar unha foto para informar detalladamente da súa localización.
- Pide que se proceda a requirir ás persoas propietarias dunha leira sita na Travesía da Avda de Pontevedra co fin de que procedan á súa limpeza. Informa que existe unha solicitude da veciñanza desa zona ao respecto.
- Reitera o rogo xa feito en anteriores sesións para que se recoloque unha sinal de STOP en Santo André de Veá.

Continúa preguntando ao goberno municipal se ten previsto resolver os problemas derivados da distribución actual das prazas de aparcamento da rúa Irida, así como dos novos elementos pintados na rúa Castelao e que eliminaron prazas de aparcamento, ante as numerosas queixas existencias ante esas dúas actuacións.

A esta pregunta o **Sr. Alcalde** responde que non sabe como se podería ampliar as prazas de aparcamento na rúa Castelao, ademais existen máis de mil prazas de aparcamento públicas, prazas máis que suficientes. Lembra que o que se está intentando mellorar é a colocación de máis prazas de carga e descarga nas rúas para os distintos comercios, non podendo crear prazas de aparcamento nas rúas ao mesmo tempo, para iso existen moitas zonas de aparcamento público no casco urbano.

O **Sr. López Bueno** di que existen diversas queixas en relación coas rutas de sendeirismo sitas en torno ao casco urbano, debido a que a maleza invade os



camiños, e que os regatos, que en determinados puntos as atravesan, dificultan o paso das persoas; ante o manifestado pide que o grupo de goberno municipal se preocupe polo mantemento e adecuación destas rutas.

O **Sr. Alcalde** lle informe que as brigadas municipais emprenderon fai unha semana, aproximadamente, a limpeza das nomeadas rutas de sendeirismo.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para lembrar que nunha sesión plenaria anterior se lle preguntara ao Sr. Alcalde se se tiña previsto elaborar un plan de mantemento das rutas de sendeirismo, ao que contestou que non, polo que non é de estrañar que estean en tal estado de abandono; ademais estamos a falar de moitos quilómetros de sendeiros e que vai a costar mantelos en bo estado sen dito plan.

Interrompe o **Sr. Alcalde** para lembrarlle á Sra. Blanco Casais de que estamos ante o apartado de “rogos e preguntas”, polo que lle pregunta cal é o rogo ou pregunta que quere formular.

A **Sra. Blanco Casais** pregunta se existe un plan de mantemento das rutas de sendeirismo así como da zona verde da Praza da Feira, esta última actualmente abandonada e a monte.

O **Sr. Alcalde** lle informa, en relación á Praza da Feira, que o tipo de vexetación que se plantou nesta zona é así e que non crece máis, sendo esta frondosidade tal e como figura no proxecto inicial.

Pregunta a **Sra. Blanco Casais** cando se van a dar uso ás xardineiras do novo mobiliario urbano.

Responde o **Sr. Alcalde** que existe un contrato cunha empresa para elo, pero neste momento a mesma está ocupada repoboando as zonas verdes de moitos espazos, polo que nos pediron un prazo de tempo para poder executalo ao igual que co mantemento das xardineiras da Praza da Feira e da rúa principal.

Continúa **Dna. Mar Blanco Casais** preguntando cando se van a repintar os pasos de peóns.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que se fixo un repintado daqueles pasos que non estaban incorporados a ningún proxecto de asfaltados, e agora, coa execución do contrato de asfaltados dalgunhas rúas urbanas se procederá tamén ao repintados das sinais horizontais.

A **Sra. Blanco Casais** di que hai rúas non incluídas no nomeado proxecto e que necesitan de repintado dos pasos de peóns.

Por último, quere reiterar a queixa veciñal do rural sobre a mala cobertura ou falta de conexión a internet; a este respecto, traslada que os veciños e veciñas do lugar de Sexto, parroquia de Rivela, carecen incluso de cobertura móbil. Polo dito, considera que é necesario para fixar poboación no noso rural dar servizos, entre eles a conexión a Internet e a cobertura móbil, non observando que este grupo de goberno se preocupe moito por esta carencia.

O **Sr. Alcalde** di que estamos ante un tema moi falado en anteriores sesións plenarias onde explicou de xeito reiterado que este Concello non ten competencia en materia de telecomunicacións, existindo un plan aprobado polo goberno central con fondos europeos no que Telefónica ten o monopolio das telecomunicacións en España, estando esta obrigada a cambiar para o ano 2024 a extensión de cable de cobre por fibra óptica, limitándose tan só a esta actuación. Polo tanto, aquí hai



unha compañía que leva a práctica totalidade da telefonía e de internet e o Concello o que está a facer e facilitarlle os temas. Informa tamén que se tivo unha reunión coa mesma propoñéndolle aproveitar a infraestrutura do alumado público para chegar a núcleos rurais onde non chega internet ao que contestou que non, porque Telefónica só tendía a fibra a través da súa propia infraestrutura, ante isto propúxoselle a posibilidade de que a Estrada Dixital utilizase o sen tendido co fin de facer chegar a fibra ao resto das parroquias e tampouco aceptaron es opción, tan só que a propia Telefónica prestase o servizo e que aos seis meses a liberaba para que outro operador branco prestase o servizo. Reitera que dentro do plan de cobertura de fibra e banda ancha no rural, dos 470 núcleos existentes, se chegaría aproximadamente a 300 e, a partir de aí, hai que intentar traballar con esas compañías para ampliar o servizo, pero o Concello da Estrada non pode facer máis, tan só buscar alternativas a un plan de expansión dunha compañía de telefonía privada e que os plans previstos para o 2023 e 2024 se anticipasen o máximo posible, pero a realidade é que unha parte da poboación rural non vai a ter acceso a este servizo.

Continúa lembrado que o goberno central anunciou esta semana que o cento por cen dos núcleos rurais ían a ter fibra ou 5G, espera que isto sexa real, porque eses fondos que se están utilizando para o cambio de cable por fibra son xestionados a través do Ministerio, polo que espera que este último poña os fondos enriba da mesa obrigando ás compañías a estender o servizo a todos e cada un dos cidadáns que viven no rural; pero o que non se pode facer é trasladar esa culpabilidade aos concellos, xa que iso é demagogia, porque que non é competencia municipal, ademais de ser inasimilable economicamente, sendo responsabilidade do goberno central e da Comunidade Europea, tan só, dende o goberno municipal, se lle pode ofrecer facilidades.

Finalmente, informa que A Estrada Dixital xa está buscando posibles solucións, polo que quere poñer en valor o traballo que está a facer o seu persoal ao estudar cada caso de xeito individual co fin de darlles unha solución á prestación do servizo de internet, porque a el tamén lle preocupa a situación do rural.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para, en primeiro lugar, aclarar que é mentira que non se poña en valor á Estrada Dixital, de feito quere lembrar que foi idea do BNG que esta se convertera nunha operadora de telefonía móbil e de internet.

Continúa coa súa intervención reiterando un rogo feito noutra sesión sobre un deslinde solicitado na 2ª Travesía da Rúa San Paio, algo que xa falou antes de entrar nesta sesión co Concelleiro delegado de Urbanismo e que dixo que o ía explicar aquí, aínda que xa llo explicou perfectamente.

Interrompe o **Sr. Alcalde** para lembrar que neste apartado de rogos e preguntas, estas teñen que ser dirixidas ao Alcalde e non a outro membro da corporación, ademais de que, como dixo, xa se lle explicou fóra da sesión. Continúa dicindo que son todos coñecedores dese problema da rúa San Paio, e que está seguindo a tramitación correspondente para resolver ese expediente, de feito agora mesmo están en elaboración os informes pertinentes.

A **Sra. Camba Castro** aclara que tan só pide que conste en acta esa cuestión e que se lle dera a palabra ao Concelleiro delegado de Urbanismo para que explique a tramitación dese expediente de deslinde, a pesares de que a súas dúbidas foron respondidas fóra de sesión.

O **Sr. Alcalde** lle di que consta en acta e tamén está contestada a cuestión.

Continuando coa súa intervención a **Sra. Camba Castro** traslada un rogo dos veciños e veciñas da rúa Pérez Viondi para que se substitúa o contedor de recollida de papel, por estar en mal estado.



Reitera a petición da veciñanza do lugar de A Quenlla, parroquia de Arnois, para o arranxo dunha das súas pistas, de feito se lle trasladou por parte dun veciño que saíra na prensa que existía unha partida destinada a tal fin, polo que pregunta se isto é certo.

O **Sr. Alcalde** di que é certo, que na prensa saíra unha relación de pistas obxecto de arranxo na parroquia de Arnois, entre a que se atopa a da Quenlla. Así mesmo, informa que no proxecto de cambio de finalidade do préstamo, ao que votaron en contra os grupos da oposición, figura actuacións en Arnois e algunhas pistas de Oca, existindo xa a aprobación da Deputación (Plan Concellos) e o acordo favorable de inicio de expediente, adoptado por acordo da Xunta de Goberno Local, e agora se están a elaborar os pregos, esperando lanzar a licitación ao longo deste mes.

Por último, a **Sra. Camba Castro** pregunta polo plan de mantemento do Museo e sobre a visita ao mesmo que tantas veces solicitou.

Contesta o **Sr. Alcalde** que ten que falar co Concelleiro D. Juan M. Constenla Carbón.

Non habendo máis intervencións por parte dos concelleiros e concelleiras que forman o Pleno, o **Sr. Alcalde** pregunta ao público asistente se quen formular algún rogo ou pregunta, en cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá.

Non habendo solicitudes de intervención, levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e trinta e nove minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións. De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

